



CONCELLO DE SANTIAGO
SECRETARIA DO PLENO

Data 11 OCT. 2016

ENTRADA

Hora..... Núm. 290

Copia

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tendo en conta que na actualidade, seguindo a propia información facilitada polo concelleiro de Espazos Cidadáns na sesión plenaria do pasado mes de setembro, as obras que se están a acometer no barrio de Vista Alegre teñen pendentes de aprobación dous modificados (o primeiro entregado no rexistro pola empresa redactora o pasado día 15 de setembro e o segundo pendente do remate da súa redacción nesa mesma data), cabería a posibilidade de introducir algunha mellora puntual que contribuíra a un mellor resultado da obra en consonancia coas suxestións feitas polos afectados e beneficiarios das obras.

Por parte da veciñanza do barrio de Vista Alegre no Grupo Municipal Popular recibimos queixas sobre a decisión inicial contemplada na proposta de habilitar en zona verde unha serie de montículos que están a xerar a desconformidade de moitas persoas que habitan nas proximidades. Como queira que consideramos que é unha cuestión estética de doada solución, presentamos o seguinte ROGO:

Que o Goberno local dea as indicación oportunas para que se introduza nos proxectos modificados das obras de Vista Alegre a eliminación dos montículos verdes que se contemplan no proxecto inicial, para que, sen que supoña unha alteración no substancial da actuación, se lle dea resposta á inquedaanza veciñal sobre este particular.

Santiago de Compostela, a 10 de outubro de 2016.

Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela